



NOTA DE PRENSA 22.04.201: A PLATAFORMA ESTATAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DENUNCIA A ACTITUDE DAS OPERADORAS ANTE A ORDENANZA DO CONCELLO DE LEGANÉS SOBRE TELEFONÍA MÓBIL

A Plataforma Estatal contra a Contaminación Electromagnética quere denunciar a actitude das operadoras de telefonía móbil ante a Ordenanza aprobada polo Concello de Leganés que pon orde e control á proliferación desordenada e caótica de infraestruturas de telecomunicación no municipio, asegurando a cobertura cos criterios de prevención e precaución respecto dos campos electromagnéticos xerados polas estacións base de telefonía móbil. As compañías de telefonía móbil solicitaron ao Tribunal Superior de Xustiza de Madrid a suspensión do acordo de pleno sobre instalación de antenas e límites de inmisión e control nun intento de paralizar unha ordenanza elaborada e aprobada democraticamente polo Concello de Leganés. Esta ordenanza asegura a cobertura e o acceso á telefonía móbil cos criterios de control de emisións das estacións base de telefonía móbil e prevención sobre a contaminación electromagnética.

Fronte ao desenvolvemento caótico de infraestruturas de telefonía móbil e o aumento exponencial de emisións radioeléctricas que isto supuxo, o Concello de Leganés marcou un punto de inflexión converténdose en pioneiro á hora de dar resposta a unha situación que crea cada vez máis desasosego e malestar entre os cidadáns, e fíxoo creando un instrumento normativo como é a ordenanza sobre telefonía móbil e infraestruturas de telecomunicación, que as operadoras temendo polos seus intereses intentan eliminar para evitar perder o control sobre o despregamento destas infraestruturas de telecomunicacións, como veñen sendo - salvo poucas excepcións- a regra.

O fracaso da normativa estatal para resolver o problema do impacto social e ambiental das redes de telefonía móbil evidencia a necesidade dunha reforma en profundidade desta lexislación que estea en relación cos niveis máis preventivos que desenvolveron países da nosa contorna e as recomendacións de conferencias internacionais de investigadores sobre CEM e científicos independentes, pon aínda máis de relevo o papel simbólico desta ordenanza que queren facer fracasar estrepitosamente as estratexias antidemocráticas destas empresas de telefonía móbil en España.

A Plataforma estatal quere mostrar a súa solidariedade co Concello de Leganés e a súa ordenanza sobre telefonía móbil e, en xeral, con todos os concellos que realizan ordenanzas garantistas e sensibles aos últimas recomendacións de científicos independentes e do Parlamento europeo, fronte aos intentos de desmontar un mecanismo de control que ten as corporacións municipais sobre o inmenso despregamento de infraestruturas de telecomunicacións. Hai que sinalar que o propio, o Parlamento Europeo aprobou unha resolución (abril de 2009) que insta a recoñecer a, cada vez maior, preocupación pública e científica sobre os riscos para a saúde dos campos electromagnéticos.